



Aprobación das bases para a selección do proceso para a contratación de dúas auxiliares administrativas e dúas conserxes ao abeiro da Resolución do 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2023.

ANUNCIO

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior, asinou a Resolución num. 1660/2023, de 11 de outubro de 2023 (CVD: 5zwFNnqdMSjDpu0J5nuI) na que aprobaba:

Primeiro: Convocar proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal de dúas auxiliares administrativas e dúas conserxes mulleres vítimas de violencia de xénero, subvencionada por resolución de 11/05/2023 da Secretaría Xeral da Igualdade da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia ao abeiro da resolución do 20 de marzo de 2023 da mesma Secretaría Xeral pola que se regulan as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero (...)

Segundo: Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria e que se xuntan como anexo

Segundo o punto quinto das ditas bases: *“As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral o de maneira presencial no Rexistro municipal deste Concello no prazo de 5 días hábiles contados a partir da recepción das bases da convocatoria polas aspirantes enviadas polo Servizo Público de Emprego.*

As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e interesadas en participar na presente convocatoria, deberán presentar a instancia de solicitude, os méritos alegados e os Anexos que figuran nesta convocatoria. A presentación deberá realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Cambre ou na sede electrónica do Concello de Cambre <http://sede.cambre.es>.”

Os anuncios desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, onde igualmente se publicarán as bases reguladoras da mesma.

Cambre, na data da sinatura dixital.

O concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación.

P.D. (R.A. num. 1171/2023, do 4 de xullo)

Diego Alcantarilla Rei.